

OBRADOIRO: Recursos en galego para a educación infantil

Con esta xornada formativa preténdese facer máis visible para as educadoras e os coidadores o material en galego que existe para a primeira infancia. Moitas veces o descoñecemento da existencia de recursos en galego e o costume de consultar fontes de información en castelán fan que os materiais en galego non teñan a difusión e o uso que merecen.

Destinatario/as: traballadores/as de escolas infantís públicas ou privadas.

Calendario: Obradoiro 1: 5 de decembro de 10.15 a 14 h.
12 de decembro de 10.15 a 14 h.
Obradoiro 2: 12 de decembro de 17.15 a 21 h.
19 de decembro de 17.15 a 21 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil O Ensanche (rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16 baixo)

Inscripción e prazas: a participación no obradoiro é de balde.

Para inscribirse cómpre enviar un correo electrónico ao Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago (dlg@santiagodecompostela.org) cos seguintes datos: nome, documento de identidade, teléfono e enderezo electrónico de contacto, nome da escola na que traballa e posto que desempeña, quenda do obradoiro no que desexa inscribirse.

O prazo para anotarse remata o **20 de novembro**.

As **25 prazas** dispoñibles en cada unha das quendas do obradoiro asignaranse por orde de entrada dos correos.

Unha vez rematado o prazo comunicarase por correo electrónico a todas as persoas inscritas se foron admitidas ou quedaron na listaxe de agarda. As renuncias que se produzan cubriranse pola orde da listaxe de agarda.

Organización

O Concello de Santiago de Compostela convoca este obradoiro dentro do programa "Apego" que xestiona o Departamento de Lingua Galega (Tfno.: 981 542 409 dlg@santiagodecompostela.org).

Deseño e contidos do obradoiro e do portal Alí: Fabaloba.

Contidos

1. **Presentación da actividade.** Motivación e obxectivos.
2. **Música.** Presentación de discos e recursos na rede. Actividades concretas para traballar coa música.
3. **Xogo.** Material que hai arredor do xogo e o movemento, desde os xogos tradicionais ás novas tecnoloxías.
4. **A situación actual do galego.** Análise conxunta. Testemuños concretos. Breve debate e choiva de ideas.
5. **Material audiovisual.** Material audiovisual que hai en galego e análise da situación.
6. **Facemos unha historia.** A través dos contos tradicionais e dinámicas concretas creamos as nosas propias historias.
7. **Libros de contos.** Falamos dos principais libros de contos que hai en galego clasificados por idades e coleccións.
8. **Contos dixitais.** Aplicacións para traballar os contos.
9. **Libros didácticos.** Presentados por idades e coleccións.
10. **Presentación do portal aliali.gal**

